



OURENSE, A VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 18-2025 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA MASCULINA DH 24/25; ABSOLUTA

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C. MARINA FERROL

Día, hora: 16-3-25; 17:30.

FEITOS

ÚNICO: O día 17/3/25 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos: *No minuto 05:57 do cuarto período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 2 visitante, D. Roberto Bonome, polos seguintes feitos: Tras ser advertido no período anterior de cesar na súa conduta antideportiva, protestar ao colexiado a sanción dun penalti en contra do seu equipo rindo a carcajada limpa, cos brazos fóra da auga e dicindo «Venga ya, hombre, JAJAJAJAJA, venga ya...» mentres sacude as mans facendo acenos despectivos. Nese mesmo instante, mentres o dito xogador abandona a instalación, debe solicitárselle ao delegado de campo que mande abandonar a grada a un espectador por berralle ao xogador expulsado o seguinte: «¡Pero pírate ya, coño! ¡Largo!».*

FEITO SEGUNDO: O día 18 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a **ROBERTO BONOME**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN LEVE**, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente